


O NADAL



XIV

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



Acta do Xurado calificador dos traballos presentados ó XIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL



Na cidade de Lugo, ás 12 horas do día 12 de xaneiro de 1990, reúnese o Xurado calificador dos traballos presentados ó XIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro Cultural «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN», de Begonte, e patrocinado pola Aula de Cultura de CAIXA GALICIA, formado por:

PRESIDENTE.—D. XOSÉ TRAPERO PARDO, xornalista e escritor. Membro da Real Academia Galega.

VOCAIS.—D.^a TERESA LÓPEZ GONZÁLEZ, poeta premiada en anterior edición deste Certame.

D. MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, poeta premiado en anterior edición.

D. RAMÓN SOILÁN PENAS, Director da Aula de Cultura de Caixa Galicia en Lugo, representante da entidade patrocinadora.

SECRETARIO.—D. XULIO XIZ RAMIL, xornalista, representante do Centro Cultural convocante.

Examinados os traballos presentados, acordaron por unanimidade emiti-lo seguinte fallo:

Concede-lo PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 30.000 ptas. e estatuíña de Sargadlos, a «TRES POEMAS DE NAVIDAD», presentado co lema «Sagrado Misterio», por D. JACOBO MELÉNDEZ, de Córdoba.

FALLO
DO
XURADO

SEGUNDO PREMIO, dotado con 20.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, a «SONETOS DE NAVIDAD», presentados baixo o lema «Pifano» por D. AGUSTÍN HERMIDA CASTRO, de 15 anos, veciño de Lugo.

Ante a cantidade e calidade dos traballos presentados, o Xurado acorda crear outro terceiro premio, dotado con 15.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. E así, outórganse:

TERCEIRO PREMIO, dotado con 15.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos a «PANXOLIÑA ETERNA», presentado co lema «Nau» por D. XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO, de A Guarda (Pontevedra).

TERCEIRO PREMIO, dotado con 15.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, a «PASTORCILLO DE BEGONTE», presentado co lema «Juan», por D. ESTEBAN COVARRUBIAS DE LA PEÑA, de Zaragoza.

E para que conste, asinan a presente acta de conformidade.

